



NOME:

APELIDOS:

ENDEREZO:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

CORREO ELECTRÓNICO:



Do 14 de outubro ao
23 novembro 2019
PAZO DA CULTURA



Padroado da Cultura
Concello de Narón

XI
Concurso
de Pintura
**Cidade de
Narón**



O Padroado da Cultura do Concello de Narón convoca o XI Concurso de Pintura “Cidade de Narón”

- Haberá unha categoría: adultos, a partir dos 16 anos.
- A categoría infantil (ata 15 anos) será un certame fóra de concurso.
- A obra será orixinal, podéndose presentar unha obra por autor.
- Non se poderán presentar obras premiadas noutros certames.
- A temática será libre.
- A técnica e estilo serán libres.

Formato:

- Os cadros deberán estar enmarcados ou protexidos con listón e acondicionados para a súa exposición.
- As medidas do lenzo non poderán superar 1,50 m por cada lado.
- As obras presentaranse sen sinatura (as presentadas con sinatura tapada quedarán fóra de concurso), acompañadas dun sobre pechado onde constarán os seguintes datos:
 - Nome e apelidos do autor.
 - Enderezo, teléfono e correo electrónico.
 - Título do cadro, data de execución e técnica.
 - Fotocopia do DNI (por ambas as dúas caras) ou documento acreditativo.
- As obras presentadas serán seleccionadas por un xurado, pasarán á fase final do concurso e serán expostas. Farase entrega dun diploma acreditativo a todas as persoas seleccionadas para a fase final. Exporanse un máximo de 40 obras, podendo ser ampliado o número polo xurado.
- As obras serán depositadas no Pazo da Cultura de Narón, r/ Holanda s/n, 15570 Narón, dende o día 14 de outubro ata o día 31 de outubro en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h.
- A exposición das obras finalistas será dende o día 11 de novembro ao día 23 de novembro en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h, todos os días; e ademais de 10:00 a 14:00 h os sábados.

- O xurado fallará o premio o día 15 de novembro.
- A entrega de premios terá lugar o día 23 de novembro.
- A retirada das obras farase unha vez clausurada a exposición.
- O xurado estará composto por tres profesionais de recoñecido prestixio nas artes plásticas e un/ha representante municipal que actuará como secretario/a. A composición do xurado darase a coñecer ao comezo da fase de selección.
- O ditame do xurado será inapelable.

Premios

- A obra gañadora do primeiro premio pasarán a ser propiedade do Padroado da Cultura do Concello de Narón.
- O/a gañador/a do concurso non poderá presentarse nas vindeiras 2 edicións do concurso.
- O/a autor/a que resulte gañador/a do primeiro premio, terá dereito a unha exposición de 15 días da súa obra no Pazo da Cultura. As condicións e datas serán fixadas polo Padroado da Cultura.
- Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan as bases do concurso.
- O xurado resérvase o dereito a declarar o premio deserto se considera que as obras presentadas non acadan o nivel requirido.
- A obra gañadora será base do cartel da seguinte edición do concurso.
- Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

Categorías

Infantil /Xuvenil	
Todos os participantes	Detalle participativo
Adultos:	
Primeiro premio:	1.500 Euros
Segundo premio:	750 Euros
Terceiro premio:	400 Euros
Premio especial Francisco Criado (Incompatible con outros premios)	200 Euros
Os premios están sometidos ás retencións que marca a lei	

Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan as bases do concurso. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado

O/A Gañador/a do Concurso non se poderá presentar nas vindeiras 2 edicións